

Dúas moedas “híbridas” do Museo Provincial de Lugo: o tarí de *Ruggero II* e o semidinar de *Musa ibn Nusair*¹

Francisco Cebreiro Ares

Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Historia

Resumo: nestas breves liñas preséntanse dúas pezas dos fondos do MPL: a primeira delas, o tarí de *Ruggero II*, inédita; a segunda, o semidinar de *Musa ibn Nusair*, por adición á primeira descrición feita por Vázquez Seijas no 1945, moeda que foi achada arredor desa data na propia cidade lucense. A coincidencia dalgunhas características nestas pezas de cronoloxías dispares motivan uns comentarios finais respecto á importancia deste tipo concreto de moedas na Historia.

Resumen: En estas breves líneas se presentan dos piezas de los fondos del MPL: la primera de ellas; un tari de *Ruggero II* como inédita; la segunda, el semidinar de *Musa ibn Musair*, por adición a la primera descripción hecha por Vázquez Seijas en el año 1945, moneda que fue hallada al rededor de esas mismas fechas en la propia ciudad lucense. La coincidencia de algunas características de estas piezas de cronologías dispares motivan unos comentarios finales respecto a la importancia de este tipo concreto de monedas en la Historia.

Abstrac: The aim of this paper is to present two coins from MPL. Firs of them is a tari of *Ruggero II*; the second is a semidinar struck by *Musa ibn Musair*; this one was first published by Vázquez Seijas in 1945 arraund the date was founded at Lugo city. The relations between both coins justify some words about.

¹ Quixera agradecer a perenne disposición positiva de Dña. M.^a Ofelia Carnero cara ó meu traballo, así como a do resto do persoal do Museo Provincial de Lugo. Gustaríame mostrar tamén a miña débeda en materia bibliográfica coa doutora Lucia Travaini (U. Studi Milano), que atendeu as miñas cuestións sobre moeda normanda e a Cesare Miriello (U. Bolonia) quen, pola súa banda, me facilitou o acceso ós textos da doutora Travaini. Tocante ó mundo da moeda árabe, agradezo os consellos dos expertos Tawfiq Ibrahim e David Francés Vañó.

O tarí híbrido de *Ruggero II* (1140–1154)



Tari de Ruggero II (tamaño orixinal e 4x)

A/ Círculo con dous puntos e media lúa no seu interior, rodeado por dous círculos concéntricos con senllas lendas. No primeiro, a autoridade emisora: *al-mmlnk Rujar al-mu'ttazz bi-llab*. No exterior, ceca e data. (Ceca Messina)

R/ IC XC NI KA ós lados do brazo da cruz latina. En xiro externo, fórmula de data e ceca. (Ceca Palermo) Ref. catálogo: Travaini nº 218 Metal: Au Módulo: 11 mm. Peso: 0,9 gr.

No transcurso dunha visita ós fondos do MPL, grazas á amabilidade e xentileza de Dña M^a Ofelia Carnero, foi posible identificar esta peza, da cal até ese momento se contaba con moi pouca información ó pertencer, supostamente, á adquisición dunha colección antiga. Descoñecemos ónde sería atopada.

O *tarí* é a moeda característica e de meirande difusión do reino normando. Cuñado dende a invasión normanda da illa de Sicilia até a reforma de *Carlo d'Anglio* (1278), quen mudará a óptica xeral do reino -non só a monetaria-, dende una perspectiva de influencia islámica e mediterránea previa cara parámetros clásicos do feudalismo francés postcarolíngeo. O *tarí*, ou cuarto do dinar, simplemente lle vén dar continuidade á moeda áurea que se estaba a cuñar nese momento na área mediterránea mediante unha redución da lei das moedas áureas de musulmáns e bizantinos. Tal é así que as primeiras emisións normandas roldan o 70% de ouro (16 quilates e un terzo)², mais un ouro non absolutamente puro, dado que a destacada estabilidade dos parámetros de fineza e peso lles outorgou a estas emisións un certo predicamento tanto na área mediterránea como noutras zonas distantes.

Ruggero II (1130-1154), nun contexto de bonanza económica, afronta unha reforma monetaria no ano 1140 que logra incrementar de xeito sensíbel a produción e ten, ademais, por efecto aumentar o seu impacto económico e circulación -como se desprende dos textos escritos- até a Italia meridional³; aumento talvez tamén moti-

vado -tanto na produción coma na dispersión-, pola acción directa das campañas peninsulares levadas a cabo polo monarca. Do mesmo xeito, transforma as tipoloxías eliminando a profesión de fe islámica, aínda que segue a manter a escritura da cultura predecesora na illa para o nome e intitolación. Segundo a citada doutora L. Travaini, o feito de se tratar dunha emisión híbrida, con Messina no anverso e Palermo no reverso, deviría un erro na distribución dos cuños as cecas⁴.

O semi-dinar de *Musa ibn Nusair* (85 H.= 704 d.C)



Semidinar de *Musa ibn Nusair* achado no solar do Instituto de Ensino Medio (tamaño orixinal e 4x)

a/ (...) DUSETIRNSDSN (...) no centro: R TERCIN

r/ (...) SNIMISM (...) globo sobre 3 gradas

Ref. Cat.: tipo Walker nº 171 B. 7 Metal: Au Módulo: 12 mm. Peso: 2 gr

Estoutra peza foi achada, segundo as informacións de Vazquez Seijas⁵, no transcurso das obras do novo Instituto de Ensino Medio grazas á atención do arquitecto D. Manuel Sureda. De ser este dato certo, tórnase de máxima relevancia en canto que os achados de moedas no momento inicial da conquista árabe na península son moi escasos, como o foron en xeral os achados de moeda musulmá en Galicia xa sinalado polo propio erudito lucense.

Resulta máis interesante o constatar que non nos atopamos perante un semidinar transicional de *Al-Ándalus* -como se publicou en 1945-, senón perante unha peza pertencente ás series emitidas na *Ifriqyia*, nome árabe da rexión norteafricana do actual Túnez como área nuclear que tamén comprendía parte da Arxelia e Tripolitania, baixo o goberno de *Musa ibn Nusair* entre os anos 85-95 (H)⁶. Este pequeno erro non provén da falta de agudeza do investigador lucense, senón dun problema estrutural tocante ó acceso á información dos catálogos e á complexidade destas emisións.

⁴ *op. cit* pax. 107

⁵ VAZQUEZ SEIJAS, MANUEL: "De re numismatica" en *Boletín de la comisión de monumentos de Lugo* tomo II, Lugo, 1945, páxs. 186-188.

⁶ WALKER, John: *A Catalogue of the Arab-Byzantine and post-reform Umayyad coins*, Londres, 1956

² TRAVAINI, Lucía: *La monetazione nell'Italia normanna*, 1995, pax 101

³ *op cit*. pax. 122

Cuestións estas que non se resolven até a publicación do libro de Walker no ano 1956. O elemento característico da peza, ademais da utilización do alfabeto latino, é o emprego da tipoloxía bizantina do globo sobre bancadas, utilizado pola ceca de Cartago e no que se inspiran os abridores de cuños musulmáns⁷.

Partindo destas informacións é necesario avanzar na explicación, non soamente da presenza da citada peza no substrato lucense que, dada a falta dun contexto descrito será imposible, senón na necesidade de sinalar o porqué da escaseza destas pezas e a súa maior recorrencia no norte da península que no sur fronte o sentido común que sinalaría o contrario.

En termos xerais, afirmase a existencia do control dunha rexión por parte do poder emisor alí onde estas pezas se atopan e, xeralmente, esta afirmación é certa. Non obstante, a explicación da permanencia desta peza sobrevén, non soamente do feito da súa perda ou ocultación, como resulta obvio, senón tamén do feito de que a dominación, a presenza islámica, fora escasa, doutro xeito non a atoparíamos, como non se atopan no sur peninsular.

A lóxica faría, –non tanto pola proximidade como pola longa duración do dominio–, que o achado destas pezas foi máis recorrente no sur peninsular pero dada a reutilización e circulación se transformarán nos futuros dinares reformados do mundo andalusí⁸. É a propia non continuidade da presenza musulmá no noroeste peninsular o que permite a conservación destas pezas.

A rareza resulta tal que no momento da elaboración do libro de Walker se coñecía só un exemplar similar no *Kaiser Friedrich Museum* de Berlin. Transcorrido xa máis de medio século, malia teren con toda probabilidade aparecido máis exemplares nos últimos anos, o grao de rareza continuará a ser moi destacado.

Esta peza pode dar testemuño tanto da chegada das tropas islámicas do norte de África nas razzias de Muza como dun comercio dende ben cedo, dada a habitual proliferación de explicacións “a gusto do consumidor” cando a información escasea.

En calquera caso, debe ser considerada unha das pezas máis destacadas da colección numismática do Museo Provincial de Lugo, xa que mostra un importante período da cidade lucense polo conflito e pola relación de culturas a través dos metais nobres como eixo da historia.

A importancia e significado das moedas híbridas e transicionais na historia monetaria

A moeda non se adoita presentar como un elemento de aproximación entre as culturas, senón usualmente como signo de poder, forza e dominación, causante de conflitos, certo é tamén. Mais acontece que en determinados momentos da historia, en

coxunturas puntuais, algúns soberanos de certas culturas, decátanse de que o mellor xeito de exercer o poder e a dominación é cohesionarse, cando menos nas formas, co poder previo co obxectivo principal da aceptación e da continuidade.

Existen moitos exemplos ó respecto, polo que os dous casos presentados constitúen soamente unha parte mínima. Tamén podemos sinalar os morabetinos de Alfonso VI, os mancusos dos condes de Barcelona, as didracmas romanas ou, máis preto do noso territorio, as *siliquae* de Braga do rei Requiario.

Todo isto o que está a indicar é unha tendencia histórica de longa duración dentro do *ítem* estudado: a moeda. Esta tendencia estriba da recorrencia dunha fase transicional entre os diversos poderes, o entrante e o saínte, onde o primeiro deles, ou talvez a sociedade resultante do cambio de poder, admite que a forma de moeda máis conveniente é a pretérita ou unha adaptación híbrida desta. Este fenómeno precisa ser estudado en conxunto, pero tamén en cada caso particular para intentar delimitar, se acontece tal circunstancia, ben por motivos económicos, políticos ou sociais no senso antes sinalado do interese colectivo coma axente activo ou pasivo.

Bibliografía

- CANTO GARCIA, Alberto & TAWFIQ, ibn Hazif Ibrahim y MARTIN ESCUDERO, Fátima, *Monedas andalusíes*, Madrid, 2000.
- CANTO GARCIA, Alberto & Tawfiq, ibn Hazif Ibrahim, *Moneda andalusí: La colección del Museo Casa de la Moneda*, Madrid, 2004.
- TRAVAINI, Lucia, *La monetazione nell'Italiana normanna*, Roma, 1995
- TRAVAINI, Lucia, *Monete e storia nell'Italia medievale*, Roma, 2007
- VAZQUEZ SEIJAS, Manuel, “De re numismatica” en *Boletín de la comisión de monumentos de Lugo* tomo II Lugo, 1945, pp. 186-188.
- WALKER, John, *A Catalogue of the Arab-Byzantine and post-reforma Umayyad coins*, Londres, 1956.

⁷ *op. cit.* páxs. 65 e ss

⁸ CANTO GARCIA, Alberto & TAWFIQ, ibn Hazif Ibrahim: *Moneda andalusí: La colección del Museo Casa de la Moneda*, Madrid, 2004.